

Todo sobre Piñeiro

Do pensamento á acción política

ÁLFREDO IGLESIAS DIÉGUEZ

Ramón Piñeiro foi un intelectual comprometido co seu pobo, o galego, e o seu país, Galicia. Efectivamente, o persoeiro de Armea elaborou un completo e complexo pensamento filosófico arredor de temas tan diversos como a esencia do home e do ser galego en particular, ao que lle dedica abondadas reflexións, nas que reflexiona sobre a xeolatría e a xeofilia dos galegos e das galegas -aínda que Piñeiro nunca mostrou moito interese pola cuestión de xénero; a relación, máis concretamente o equilibrio, entre corpo (vida) e alma (espírito); a defensa da cultura e da lingua galega como o elementos identitarios do noso pobo, nun intento de superar tanto o celtismo romántico como o tradicionalismo; ou, entre outras cuestións, o fracaso histórico da pobo galego como colectivo nacional, que lle levou a reflexionar sobre os atrancos que dificultaron o éxito desa conciencia colectiva.

Ora ben, fronte a outros pensadores que elaboran un discurso teórico á marxe da práctica, o elabora-

do pensamento filosófico de Piñeiro foi a cerna do seu compromiso político e, á súa vez, foi

a resposta intelectual ao intenso activismo político, iniciado coa súa militancia nas mocidades do Partido Galeguista no tempo da II República.

Froito dese compromiso entre o seu pensamento e a súa acción cómpre identificar catro xeiras na súa longa andaina política: a primeira, nos anos trinta e corenta, defínese polo seu compromiso co galeguismo histórico, representado polo Partido Galeguista, Castelao e o Consello de Galiza; a segunda, nos anos cincuenta, vén determinada pola súa ruptura co galeguismo histórico, dando por rematada a mi-

sión histórica do PG, e polo desenvolvemento dunha nova estratexia política no interior, na que Galaxia, coas súas sete misións históricas -que tiñan por obxectivo a galeguización da sociedade, será o elemento fulcral desa estratexia que substituíu a do extinto PG; a terceira, nos anos sesenta, caracterízase pola defensa dunha nova estratexia política fronte á estratexia comunista, representada polo PC -constituído en PCG en 1968- e a UPG -fundada en 1964-, consistente na fundación de dous partidos políticos galegos: un de inspiración liberal, que non se chegou a constituír, e outro de inspiración socialdemócrata, o PSG, fundado en 1963 por algúns dos seus colaboradores; a cuarta, nos anos da recuperación democrática, caracterizouse pola defensa dun Estatuto de país e da nosa lingua e polo intento de galeguización daqueles partidos de ámbito estatal con representación en Galicia.

Ese compromiso coa terra e o pobo, un compromiso de acción e pensamento, é obxecto deste excelente e lúcido ensaio obra de Miguel Barros: *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo*. BARROS, Miguel, *Ramón Piñeiro e a revisión do nacionalismo* (2 vols.). Ed. Galaxia, Vigo, 2009, PVP 49 €

